

# DÍA DO LIBRO 2014 , ADICADO AO PSICÓLOGO E INVESTIGADOR D. JOSÉ CARLOS NÚÑEZ PÉREZ.



Chegou o mes de abril e con el a conmemoración do **Día do Libro**. Cada ano adicámolo a un **escritor** ou **escritora** relacionado co noso **Concello de Valdoviño**, ben porque naceu nalgunha das parroquias, estudou nalgún momento neste centro ou está vencellado dalgún xeito especial cos aires da Frouxeira e co seu marabilloso mar.

Este ano homenaxeamos ao psicólogo e investigador **JOSÉ CARLOS NÚÑEZ PÉREZ**, catedrático na Universidade de Oviedo e autor de numerosos estudos e publicacións relacionadas coa Psicoloxía.

**Núñez Pérez** naceu na **parroquia de Sequeiro**, no lugar de **Tuimil**, e estudou na escola da Carreira e despois no noso colexio ata que rematou a E.X.B.

O profesorado sente unha grande emoción de saber que un exalumno, grazas ao esforzo, constancia e traballo, conseguiu acadar o que se propuxo dende un principio facendo realidade os seus soños de futuro.

Dende aquí queremos **agradecer** públicamente a **José Carlos** a súa visita ao centro e decirlle que as portas do CPI Atios sempre estarán abertas para el.

**Equipo de Dinamización da Lingua Galega.**

